

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2022-2023

(MODIFICADA TRAS A NOVA INSTRUCIÓN DO 27 DEC. 2022)

IES RAMÓN CABANILLAS

(CAMBADOS)

ÍNDICE:

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACION.....	3
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	8
3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA CADA CURSO.....	19
4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE POR NIVEIS.....	20
5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.....	64
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN UTILIZAR.....	64
7. CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	65
8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.....	72
9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....	72
11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.....	75
12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	76
13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS PARA TRABALLAR NA AULA.....	77
14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS PARA CADA CURSO.....	78
15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS E EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.....	78
16. ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 DURANTE O CURSO 2022-2023.....	80

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACION

A seguinte programación foi realizada de acordo coa lexislación e instrucións vixentes para os cursos de 2º e 4º da ESO e 2º de Bacharelato:

- Marco legal xeral: LOE. Texto consolidado da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, coas modificacións da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, LOMCE (BOE 10/12/13). LOMLOE. Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, polo que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde EDC/65/2015 do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos, e os criterios de avaliación da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato e se regula o seu currículo e a súa oferta. Materia de Oratoria.
- Real Decreto 665/2015, de 17 de xullo polo que se desenvolven determinadas disposicións relativas ao exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas e réxime especial, á formación inicial do profesorado e as especialidades dos corpos docentes de ensinanza secundaria.
- Resolución de 27 de xullo de 2015, da dirección xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación do3 currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.
- Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- Resolución do 20 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022-2023.
- Orde do 27 de decembro de 2022 de modificación da anteriores (calendario escolar).
- Aclaracións da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Eucativa relativas á organización do final de curso na ESO e Bacharelato.

1.1 O Centro

O IES Ramón Cabanillas de Cambados está situado no centro da vila, ao pé do Pazo de Fefiñáns. Nel impártense estudos de ensino secundario obrigatorio e bacharelato, así como un ciclo formativo de especialidade en vitivinicultura. Como centro de secundaria ten adscritos os CEIP de Corvillón e o CEP Antonio Magariños, ademais de acoller o alumnado de áreas urbanas próximas. Na etapa postobligatoria recíbese alumnado de concellos limítrofes (con servizo de transporte).

Actualmente, están matriculados no centro arredor de 400 alumnos/as. Completan a comunidade educativa 41 profesores/as e 7 PAS (dúas conserxes, un administrativo e tres profesionais de limpeza, mais a concesionaria da cafetería). O IES Ramón Cabanillas está composto por alumnado procedente de ámbitos diversos e hábitos lingüísticos tamén distintos, concretamente os/as que proceden do núcleo urbano de Cambados, maioritariamente falantes de castelán, e os/as que proveñen de zonas rurais, nos que se manteñen mellor o uso da lingua galega, cando menos, no ámbito familiar.

1.2 Alumnado

O alumnado matriculado en ESO e Bacharelato, coa materia de Lingua Galega e Literatura, distribúese no curso 2022-23 do seguinte xeito:

- 1º ESO: Tres grupos

- 2ª ESO: Tres grupos

- 3ª ESO: Dous grupos

- 4ª ESO: Dous grupos

- 1ª BACHARELATO: Tres grupos

- 2ª BACHARELATO: Tres grupos

1.3 A materia

A materia de Lingua Galega e Literatura na ESO ten como finalidade fundamental o desenvolvemento da **competencia comunicativa** do alumnado. O seu obxectivo primordial é garantir que, ao final desta etapa educativa, o alumnado sexa capaz de interaccionar adecuadamente nas situacións de comunicación fundamentais dos ámbitos académico, social, cultural e profesional; que comprenda a diversidade de mensaxes orais e escritas coas que vai atopar ao longo da súa vida adulta e que sexa quen de producilas coa debida corrección lingüística, con creatividade e adecuación ao contexto comunicativo. Polas propias dificultades da situación lingüística na sociedade actual, establece a propia lexislación a obriga de acompañar esta aprendizaxe da lingua da adquisición doutros valores relacionados coa súa estima e valoración social, como elementos imprescindibles para a súa vitalidade futura.

Seguindo o Decreto 86/2015, a situación de sociedade multilingüe e plural na que vivimos demanda un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe e intercultural no que a aprendizaxe de todas as linguas e culturas sexa transversal e integradora. É o que entendemos por Tratamento Integrado das Linguas (TIL), para desenvolvemento dos valores do plurilingüismo e da interculturalidade. No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio e diferentes situacións de partida para cada lingua. No caso da materia que nos ocupa, non se poden esquecer os comportamentos diglósicos e a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente nas aulas. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe da nosa lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que é necesario aínda desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

En consecuencia, a aprendizaxe de Lingua Galega e Literatura en 2º e 4º da ESO estará orientada a un triplo obxectivo:

- 1) O progreso do alumnado no dominio das capacidades instrumentais (escoitar, falar, ler e escribir) e dos coñecementos teóricos xa adquiridos na educación primaria, base para a CCL.

- 2) O coñecemento histórico e a comprensión crítica da evolución e da realidade actual da lingua propia de Galicia, nun contexto multicultural e plurilingüe, posto que a identidade propia se reforza no recoñecemento da identidade das demais persoas.
- 3) O coñecemento da literatura galega (etapas, autores e obras) como manifestación dunha cultura diferenciada e como referente para as súas propias producións, para entender os fundamentos do funcionamento dun sistema literario e abordar criticamente as producións dos/as autores/as canónicos.

A formación lingüística ten un carácter continuo ao longo das diversas etapas educativas e non existen tanto diferenzas de contidos, como diferenzas na intensidade coa que se traballan eses contidos. Polo tanto, a secuenciación dos contidos (e a consecuente avaliación) non implica unha selección dos que se dan en cada curso, senón que pretende sinalar a atención e o grao maior ou menor de profundidade con que se han abordar/asimilar.

1.4 Composición do Departamento:

- Edith Pazó Fernández, xefatura de Departamento: dous grupos de 2º Bacharelato e dous grupos de 3º ESO. Responsable da Biblioteca. Titora dun grupo de 2º Bach. Titora de prácticas de Arancha Rodríguez.
 - Xosé Francisco Noia: tres grupos de 1º ESO, dous grupos de 4º ESO e un grupo de 2º Bach. Responsable do EDLG.
 - Arancha Rodríguez: profesora en prácticas. Tres grupos en 2º ESO e dous grupos de 1º Bacharelato. Titora dun grupo de 1º Bach.
- Impartirá, ademais, a materia de Lingua Galega nun grupo de 1º da ESO un profesor pertencente ao departamento de Filosofía (Fernando Neira).

1.5 Adecuación do profesorado e da planificación á situación COVID

A totalidade do profesorado do departamento conta cos coñecementos necesarios para abordar as características dun ensino semipresencial que poidan producirse. O uso habitual das aulas virtuais e Edixgal permitirá manter a grandes trazos a planificación prevista no presente documento, que terá unha vertente dixital para garantir que, tanto no caso de confinamentos parciais como totais, se manteña o proceso de ensino-aprendizaxe.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

O artigo 2 do Decreto 86/2015, no seu apartado 3b, sinala as competencias como un dos elementos do currículo, definíndoas como “capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos”; e no seu artigo 3 fixa as sete competencias clave que o alumnado deberá desenvolver:

- a) Comunicación lingüística (CCL)
- b) Competencia dixital (CD)
- c) Aprender a aprender (CAA)
- d) Competencias sociais e cívicas (CSC)
- e) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- f) Conciencia e expresións culturais (CCEC)
- g) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

A descrición das relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato será a establecida de conformidade coa Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato. Estas permanecen vixentes para o presente curso académico nos cursos de 2º da ESO, 4º ESO e 2º de Bacharelato.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo da materia, deséñanse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

O concepto de competencia inclúe tanto os saberes como as habilidades e as actitudes e vai máis alá do saber e do saber facer, incluíndo o saber ser e o saber estar. Son, en conxunto, aquelas competencias que debe desenvolver unha persoa ao finalizar o ensino obrigatorio para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

2.1 Contribución da materia de Lingua Galega e Literatura á adquisición das competencias clave ou básicas

Se a área de lingua e literatura se orienta á adquisición de destrezas que permitan o uso pleno da lingua nun amplo abano de contextos, é evidente que constitúe o ámbito privilexiado para o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística en toda a súa extensión.

No entanto, todas as áreas do currículo deben participar, desde o seu ámbito correspondente, no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado. Así, a propia concepción do currículo desta área, ao facer énfase no uso social da lingua en diferentes contextos comunicativos, como xa sinalamos con anterioridade, pon en evidencia a súa contribución directa ao desenvolvemento de todos os aspectos que conforman a competencia en **comunicación lingüística**. Mais tamén cómpre destacar que as estratexias que constitúen a competencia comunicativa adquirense desde unha lingua determinada, non obstante, non se refiren exclusivamente a saber usar esta lingua, senón á linguaxe en xeral. Esta característica da aprendizaxe lingüística ten unha grande importancia, xa que as aprendizaxes que se efectúan nunha lingua aplícanse á aprendizaxe doutras.

O acceso ao saber e á construción de coñecementos mediante a linguaxe relaciónase directamente coas competencias clave de **aprender a aprender** e coa de **sentido de iniciativa e espírito emprendedor**. A linguaxe, ademais de instrumento de comunicación, é un medio de representación do mundo e está na base do pensamento e do coñecemento, permite comunicarse con un/ha mesmo/a, analizar problemas, elaborar plans e emprender procesos de decisión. En suma, regula e orienta a nosa propia actividade con progresiva autonomía. O emprego correcto da linguaxe contribúe a organizar o pensamento, a comunicar afectos e sentimentos, a regular emocións favorecendo o desenvolvemento de ambas as competencias, a afrontar de maneira analítica e crítica a lectura, e mesmo a estimular a imaxinación e fomentar a creatividade.

No que se refire ao **tratamento da información e competencia dixital**, a área achega coñecementos e destrezas para a busca, selección, tratamento da información e, en especial, para a comprensión desa información, da súa estrutura e organización textual, e

para a súa utilización na produción oral e escrita. O currículo da área inclúe o uso de medios electrónicos na composición de textos (procesadores, buscadores, bases de datos...) o que significa algo máis ca un cambio de soporte, xa que afecta ás operacións mesmas que interveñen no proceso de escritura (planificación, execución do texto, revisión, selección de información) e que constitúen un dos contidos básicos desta área. Por iso, na medida en que se utilicen estase mellorando á vez a competencia dixital e o tratamento da información. Pero, ademais, os medios de comunicación dixitais implican un uso social e de colaboración da escritura, o que permite concibir a aprendizaxe da lingua escrita no marco dun permanente intercambio comunicativo. A integración do centro na ESO no proxecto Edixgal facilita o desenvolvemento desta competencia desde as aulas.

A lingua contribúe substancialmente ao desenvolvemento da **competencia social e cívica**, xa que desde esta área é obrigado facilitar, a través do traballo con diferentes tipos de textos e situacións de comunicación, a aproximación crítica á realidade, así como o coñecemento e exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís. Ademais, redonda na mellora das habilidades e destrezas para a convivencia, o respecto e o entendemento entre as persoas, xa que necesariamente a súa adquisición require o uso da lingua como base da comunicación. Aprender lingua é, ante todo, aprender a comunicarse cos outros, a comprender o que estes transmiten, a tomar contacto con distintas realidades e a asumir a propia expresión como modalidade fundamental de apertura aos demais. Por outra parte, na medida en que unha educación lingüística satisfactoria valora todas as linguas como igualmente aptas para desempeñar as funcións de comunicación e de representación, tamén analiza os modos mediante os que a linguaxe transmite e sanciona prexuízos e imaxes estereotipadas do mundo, contribuíndo, así, á erradicación dos usos discriminatorios da linguaxe.

Alén de recoñecer a propia lingua como elemento cultural de primeira orde, a lectura, comprensión e valoración das obras literarias contribúen ao desenvolvemento da competencia en **conciencia e expresións culturais**; a este respecto, as guías de lectura elaboradas son unha boa ferramenta de achegamento a esta e ás demais competencias.

Por último, a **competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** traballárase con gráficas e mapas conceptuais (particularmente no bloque de sociolingüística), para favorecer o adestramento do razoamento lóxico, a súa sistematización, a aplicación dun método rigoroso. Por outra banda, a variedade temática dos textos debe pór en contacto a materia co mundo científico e

o contorno ambiental; por isto, engadimos a maiores unha porcentaxe para a avaliación desta competencia.

En resumo, e tras a análise dos estándares e as competencias que se traballan en cada un, sintetizamos o número de estándares a traballar en cada curso obxecto desta programación, e a porcentaxe dedicada a cada competencia.

PORCENTAXES DO PERFIL COMPETENCIAL EN 2º E 4º DA ESO

2º ESO (109 estándares)

CCL_52,58%

CSC_15,46%

CCEC_4,64%

CSIEE_2,58%

CAA_15,46%

CD_8,25%

CMCT_1,03%

4ºESO (131 estándares)

CCL_55,56%

CSC_17,09%

CCEC_4,7%

CSIEE_2,14%

CAA_11,97%

CD_7,69%

CMCT_0,85%

PORCENTAXES DO PERFIL COMPETENCIAL EN 2º DE BACHARELATO

CCL_57,52%

CSC_13,07%

CCEC_2,61%

CSIEE_3,27%

CAA_18,3%

CD_3,92%

CMCT_1,31%

2.2 Concreción por curso dos estándares de aprendizaxe que forman parte dos perfís competenciais

Ver cadro de **CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE (PTO. 4)**

2.3 Rúbricas de avaliación das destrezas

*As seguintes rúbricas son só modelos xerais para os diferentes cursos, susceptibles de modificacións ou substitución por outro instrumento de avaliación por parte do profesorado.

2.3.1. PARA A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

RÚBRICA DA DESTREZA DA COMPRENSIÓN ORAL LGL- R1E- CCL- CO-1				
Nivel de consecución/ Aspectos	1	2	3	4
ATENCIÓN	<p>-Presenta dificultades moi importantes para manter a atención durante as explicacións e audicións.</p> <p>- Presenta dificultades importantes para escoitar os demais, mesmo impide que outros escoiten e interrompe con frecuencia cando outro está no uso da palabra.</p> <p>-En ocasións fai mostra de falta de respecto e de tolerancia con outros puntos de vista.</p>	<p>-En ocasións distráese durante as explicacións e as audicións.</p> <p>-Ás veces non escoita os demais e/ou interrompe cando outro está no uso da palabra.</p> <p>-Adoita ser respectuoso e tolerante co punto de vista dos demais.</p>	<p>-En xeral mantén a atención durante as explicacións e as audicións.</p> <p>-Normalmente escoita os demais e/ou non adoita interromper cando outro está no uso da palabra.</p> <p>-É respectuoso e tolerante co punto de vista dos demais.</p>	<p>-Mantén unha atención constante durante as explicacións e as audicións.</p> <p>-Escoita os demais e/ou non interrompe cando outro está no uso da palabra.</p> <p>-Adopta unha actitude respectuosa e tolerante co punto de vista dos demais.</p>
COMPRENSIÓN	<p>-Non percibe a articulación lóxica do discurso en canto á progresión temática.</p> <p>-Non extrae de forma congruente a idea xeral dun texto.</p> <p>-Ten importantes dificultades de síntese do contido dun discurso.</p>	<p>-Ten dificultades para percibir a articulación lóxica do discurso en canto á súa progresión temática.</p> <p>-É capaz de extraer a idea xeral dun texto e algunha idea principal pero non é capaz de xerarquizalo.</p> <p>-Só é capaz de sintetizar o contido dun discurso enunciando o tema.</p>	<p>-Normalmente percibe a articulación lóxica do discurso atendendo á súa progresión temática.</p> <p>-Xerarquiza o contido dunha exposición oral en idea xeral e ideas principais pero ás veces non capta as secundarias en toda a súa dimensión.</p> <p>-Reformula o contido dun discurso sintetizando o tema e algunhas ideas principais pero non evidencia a estrutura interna.</p>	<p>-É capaz de percibir a articulación lóxica do discurso atendendo á progresión temática.</p> <p>-É capaz de xerarquizar o contido dunha exposición oral en idea xeral e ideas principais e secundarias.</p> <p>-É capaz de reformular o contido dun discurso, sintetizando o tema e seleccionando as ideas principais de modo que se evidencia a súa estrutura interna.</p>
VALORACIÓN DOS ASPECTOS PROSÓDICOS E NON VERBAIS	<p>-Non se decata da importancia, para a comprensión dun discurso, dos aspectos prosódicos e da linguaxe non verbal.</p> <p>-Valora relativamente a lectura expresiva e non valora en absoluto a dramatización en discursos orais.</p>	<p>-Só de forma ocasional valora a importancia no proceso comprensivo dos aspectos prosódicos e da linguaxe non verbal.</p> <p>-Valora a lectura expresiva pero non comprende o valor da dramatización en discursos orais.</p>	<p>-Case sempre recoñece a achega dos aspectos prosódicos na comprensión do discurso.</p> <p>-Polo xeral decátase da relevancia comunicativa do código xestual.</p> <p>-Valora a lectura expresiva pero non sempre a dramatización de discursos orais.</p>	<p>-Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, timbre, volume, pausas, énfase) para a comprensión dun discurso oral.</p> <p>-Decátase do valor comunicativo da linguaxe non verbal (xestos, mirada, postura)</p> <p>-Valora a lectura expresiva e a dramatización en discursos orais.</p>

DOMINIO DO LÉXICO	<p>-O seu caudal léxico é moi limitado e non mostra progresión.</p> <p>-Non comprende a maioría do léxico empregado nunha exposición oral.</p> <p>-Non aprende vocabulario empregado no ámbito académico en exposicións de divulgación científica, sociolóxica e cultural.</p> <p>-Non percibe a linguaxe discriminatoria.</p>	<p>-Aumenta escasamente o seu caudal léxico.</p> <p>-Comprende de forma global o léxico empregado aínda que descoñece o significado dalgúns termos e non se decata da súa adecuación á intención.</p> <p>-Aprende unha porcentaxe baixa de vocabulario empregado no ámbito académico en exposicións de divulgación científica, sociolóxica e cultural.</p> <p>-Comprende e rexeita a linguaxe discriminatoria.</p>	<p>-Intenta aumentar o seu caudal léxico.</p> <p>-Comprende a maioría dos termos empregados nunha exposición oral pero non se decata en todos os casos da súa adecuación á intención comunicativa.</p> <p>-Aprende unha porcentaxe elevada de vocabulario empregado no ámbito académico en exposicións de divulgación científica, sociolóxica e cultural.</p> <p>-Comprende e rexeita a linguaxe discriminatoria.</p>	<p>-Aumenta paulatinamente o seu caudal léxico.</p> <p>-Comprende o léxico empregado nunha exposición oral e a súa adecuación á intención comunicativa.</p> <p>-Aprende vocabulario empregado no ámbito académico en exposicións de divulgación científica, sociolóxica e cultural.</p> <p>-Comprende e rexeita a linguaxe discriminatoria.</p>
--------------------------	--	--	---	---

RÚBRICA DA DESTREZA DA EXPRESIÓN ORAL						
CRITERIOS	VALORES-->	4	3	2	1	0
Presentación (Inicio da Exposición) (10%)		Saúda a audiencia, preséntase de forma adecuada e indica o tema de exposición de maneira clara e concisa.	Saúda a audiencia, preséntase de forma adecuada e indica o tema de exposición con vacilacións.	Saúda a audiencia e preséntase de forma adecuada pero non indica o tema da exposición.	Saúda a audiencia e/ou preséntase, aínda que non indica o tema da exposición.	Non saúda nin se presenta ou faíno de forma inadecuada e tampouco indica o tema da exposición.
Expresión Oral (25%)	Claridade expositiva	Fala despacio e con total claridade durante toda a exposición.	A maior parte do tempo fala con claridade.	Exprésase con suficiente claridade.	Exprésase con bastante dificultade. Fala rápido e/ou case non se lle entende.	Exprésase con moita dificultade. Non se lle entende.
	Pronuncia, fluidez e entoación	Pronuncia correctamente todos os fonemas. O seu discurso resulta fluído e natural. A entoación e o volume son adecuados.	Pronuncia incorrectamente de maneira puntual. O seu discurso resulta fluído e natural. A entoación e o volume son adecuados.	Pronuncia incorrectamente. O seu discurso é pouco fluído e natural. A entoación e o volume son pouco adecuados.	Pronuncia incorrectamente. O seu discurso carece de fluidez e naturalidade. A entoación e o volume son inadecuados e dificultan a comprensión.	Pronuncia incorrectamente e o seu discurso carece por completo de fluidez e naturalidade. A entoación e o volume son inadecuados e imposibilitan a comprensión.
	Xestualidade e postura	Mantén unha postura adecuada. Os seus xestos non denotan nerviosismo.	Mantén unha postura adecuada, aínda que os seus xestos denotan certo grao de nerviosismo.	Mantén unha postura adecuada durante case toda a exposición pero os seus xestos denotan bastante nerviosismo.	Mantén unha postura inadecuada e/ou os seus xestos denotan bastante nerviosismo.	Mantén unha postura inadecuada e os seus xestos denotan un alto grao de nerviosismo.
	Corrección lca. (Ausencia de interferencias)	Exprésase correctamente sen interferencias lingüísticas.	Comete puntualmente algunha interferencia lingüística, que corrixe.	Comete interferencias lingüísticas que corrixe.	Comete interferencias lingüísticas que non corrixe.	Mestura continuamente castelán e galego.

Contido (50%)	Estrutura	Segue unha estrutura completamente clara e con partes ben definidas	Segue unha estrutura xeralmente clara e con partes ben definidas	Segue unha estrutura algo confusa e a distinción entre unha parte e outra pode non ficar totalmente clara	Segue unha estrutura confusa e a distinción entre unha parte e outra pode non ficar totalmente clara	Non segue ningunha estrutura e mestura contidos de apartados diferentes
	Adecuación	Cumpr todos os puntos previstos para a exposición achegando información pertinente en todos eles.	Cumpr todos os puntos previstos para a exposición aínda que non achega información pertinente nalgún deles.	Cumpr de maneira suficiente con todos os puntos previstos na exposición aínda que achega pouca información.	Incumpr polo menos a metade dos puntos previstos na exposición ou non achega información pertinente nin suficiente.	Incumpr practicamente todos os puntos previstos na exposición ou non achega información pertinente.
	Coherencia e cohesión	Organiza a exposición de modo que garante plenamente a coherencia e a cohesión textuais.	Organiza a exposición pero non sempre garante a coherencia e a cohesión textuais	Organiza a exposición de modo que a coherencia e a cohesión textuais se ven comprometidas.	Carece de recursos para dotar de coherencia a súa exposición e utiliza algúns rudimentarios de cohesión como marcadores simples.	Carece de recursos para dotar de coherencia e cohesión a súa exposición. Descoñece aspectos básicos do tema.
	Riqueza léxica	Emprega un vocabulario rico, variado e preciso, adecuado ao tema.	Emprega un vocabulario rico e variado, aínda que con algunhas imprecisións.	Emprega un vocabulario variado aínda que impreciso.	Emprega un vocabulario pobre e con bastantes imprecisións. Comete erros conceptuais.	Emprega un vocabulario moi pobre e con moitas imprecisións. Comete moitos erros conceptuais.
	Dominio do tema	Os seus coñecementos sobre o tema son profundos e desenvólvese nel con soltura. Pode contestar a todas as preguntas.	Os seus coñecementos sobre o tema son bos e desenvólvese nel con suficiente soltura. Pode contestar a algunha pregunta.	Os seus coñecementos son suficientes pero presenta vacilacións na exposición. Case non contesta ás preguntas	Descoñece algúns aspectos básicos sobre o tema e presenta importantes vacilacións na exposición. Non sabe responder ao que se lle pregunta.	Descoñece até os aspectos máis básicos do tema que se vai tratar. Non sabe responder ao que se lle pregunta.
Conclusión / Despedida (15%)	Despedida	Despídese adecuadamente e dá paso á audiencia para que faga preguntas.	Despídese e dá paso á audiencia para que faga preguntas.	Despídese e non dá paso á audiencia para que faga preguntas.	Non se despide ou non dá paso á audiencia para que faga preguntas.	Non se despide nin dá paso á audiencia para que faga preguntas.
	Tempo de exposición	Utilizou todo o tempo destinado á presentación e desenvolveu todos os puntos previstos.	A duración da exposición foi lixeiramente superior/ inferior á prevista, aínda que desenvolveu todos os puntos previstos.	A duración foi bastante superior/ inferior á prevista ou non desenvolveu algún dos puntos previstos.	A duración da exposición foi moi superior/inferior á prevista e deixou dous ou máis puntos previstos sen tratar.	A duración da exposición resulta insuficiente para poder avaliar a actividade e/ ou deixou tres ou máis puntos sen tratar.
Material de apoio (10%) No caso de requirirse, Pres=5% e Desp.=10%		Usa material de apoio que clarifica a exposición, ao tempo que permite manter o interese da audiencia como fragmentos de vídeo, gráficas, esquemas...	Usa material de apoio que clarifica un pouco a exposición, ao tempo que permite manter o interese da audiencia (gráficas, esquemas...)	Usa material de apoio para clarificar a exposición, aínda que non sempre o consegue. Non é quen de manter o interese.	Usa material de apoio que non contribúe a clarificar a exposición e non é quen de manter o interese da audiencia durante toda a exposición.	Non usa ningún tipo de material de apoio ou o que usa non é pertinente.

RÚBRICA DA DESTREZA DA COMPRESIÓN ESCRITA
LGL- R1E- CCL- CE-1

Nivel de consecución/Aspectos	0	1	2	3
COMPRESIÓN GLOBAL	<p>-Non comprende o tema xeral e a mensaxe do texto.</p> <p>-Non é capaz de construír enunciados que sinteticen o contido do texto.</p> <p>-Non é capaz de proxectar a estrutura ideolóxica do texto na elaboración de esquemas.</p>	<p>-Ten dificultades para enunciar o tema xeral e captar a mensaxe do texto.</p> <p>-Constrúe enunciados que sintetizan de forma deficiente o contido do texto. Non o concreta nin o precisa.</p> <p>-Elabora esquemas pero non é capaz de proxectar a estrutura ideolóxica do texto polo que non é capaz de xerarquizar as ideas principais e as secundarias.</p>	<p>-Recoñece o tema xeral e capta a mensaxe do texto pero non en toda a súa dimensión.</p> <p>-Constrúe enunciados que sinteticen o contido do texto pero non o precisan.</p> <p>. Capta a estrutura ideolóxica do texto mediante a elaboración de esquemas. Pero non xerarquiza perfectamente as ideas principais e secundarias.</p>	<p>-Recoñece o tema xeral e a mensaxe do texto.</p> <p>-É capaz de construír enunciados que sinteticen o contido do texto.</p> <p>-É capaz de captar a estrutura ideolóxica do texto na elaboración de esquemas que reflicten a xerarquización deste en ideas principais e secundarias.</p>
LÉXICO E SIGNIFICADOS	<p>-Coñece polo menos o 80% do significado do vocabulario dun texto e só casualmente é capaz de empregalo en distintas situacións comunicativas.</p> <p>-Descoñece o significado denotativo dos textos e unicamente percibe a connotación humorística evidente.</p>	<p>-Coñece máis do 80% do significado do vocabulario dun texto, sendo capaz de empregalo en distintas situacións comunicativas.</p> <p>-Distingue o significado denotativo dos textos e só algúns trazos da connotación (humor, ironía)</p>	<p>-Coñece case na súa totalidade (máis do 90%) do significado do vocabulario dun texto, sendo capaz de empregalo en distintas situacións comunicativas.</p> <p>-Distingue o significado denotativo e connotativo dos textos aínda que non percibe un matiz da connotación humorística (humor, ironía, paradoxo)</p>	<p>-Coñece o significado do vocabulario dun texto e é capaz de empregalo en distintas situacións comunicativas.</p> <p>-Distingue o significado denotativo dos textos e percibe a connotación humorística evidente.</p> <p>- É capaz de solucionar problemas de comprensión a través de relacións semánticas, familias léxicas, ou etimoloxía.</p>
ASIMILACIÓN DE IDEAS	<p>-Non é capaz de reformular un texto.</p> <p>-Reproduce os textos en forma de paráfrase, sen achega persoal ningunha.</p>	<p>-Reformula un texto cunhas pautas previas, pero teñen problemas na selección do contido.</p> <p>-É capaz de reproducir un texto repetindo, maioritariamente, o exposto no texto sen apenas achega persoal.</p>	<p>-É capaz de reformular un texto, pero precisa pautas para a selección do contido.</p> <p>-É capaz de reproducir un texto de forma persoal, pero inclúe algunha repetición innecesaria.</p>	<p>-É capaz de reformular un texto, utilizando o seu propio criterio para a selección do contido.</p> <p>-É capaz de reproducir un texto de forma persoal, sen repetir innecesariamente o exposto no texto.</p>

<p>VALORACIÓN CRÍTICA E RELACIÓN CON OUTROS TEXTOS</p>	<p>-Non analiza textos escritos nin establece relacións cos seus propios coñecementos e experiencias. -Non é capaz de axuizar e valorar o contido dos textos. -Non establece ningunha conexión entre lecturas se non se lle axuda a estruturala. -Non incorpora temas e opinións de textos ao seu acerbo cultural e á súa vida.</p>	<p>-Analiza textos escritos, pero non establece relacións cos seus propios coñecementos e experiencias. -Axuíza razoadamente o contido dos textos, pero de forma parcial e sen achegas persoais. -Establece poucas conexións entre lectura e só no referente a aspectos temáticos. -Non incorpora temas e opinións de textos ao seu acerbo cultural e a súa vida.</p>	<p>-Analiza de forma parcial textos escritos pois apenas os relaciona cos coñecementos que posúe e a súa propia experiencia. -Axuíza e valora, pero de forma parcial, o contido de textos, aínda que de forma razoada e con criterio persoal. -Establece conexións entre lecturas, argumentándoas tematicamente pero non con sentido crítico. -Só algunha vez é capaz de incorporar temas e opinións de textos ao seu acerbo cultural e á súa vida.</p>	<p>-Analiza de forma parcial textos escritos, relacionando o seu contido cos coñecementos que foi adquirindo progresivamente ao longo da súa traxectoria académica e a súa propia experiencia humana. -Axuíza e valora con ponderación, de forma razoada e parcial, o contido dos textos, asentindo, discrepando ou matizándoo. -Establece máximas entre lecturas, argumentándoas con rigor e sentido crítico. -Incorpora temas e opinións de textos ao seu acerbo cultural e social.</p>
---	--	--	--	--

RÚBRICA DE AVALIACIÓN DA **EXPRESIÓN ESCRITA**

CRITERIOS / VALOR	4	3	2	1/0
Adecuación (30%)	Desenvolve todos os puntos solicitados con contido relevante. Todas as ideas que se presentan teñen relación directa co tema e están presentadas con claridade e obxectividade. Non se repiten nin se presentan lagoas. Non plaxia do texto de base, no seu caso	Desenvolve todos os puntos solicitados con contido bastante relevante. Case todas as ideas que se presentan teñen relación directa co tema e preséntanse con claridade e obxectividade. Non se repiten nin se presentan lagoas Evita o plaxio do texto de base, no seu caso	Desenvolve todos os puntos solicitados con contido suficiente Parte das ideas que se presentan teñen relación co tema Danse erros que non aportan claridade ou obxectividade. Algunhas ideas repítense e en ocasións. plaxia o texto base.	Desenvolve menos da metade dos puntos solicitados ou desenvólveos con contido irrelevante. As ideas teñen pouca ou ningunha relación co tema e están pobremente definidas; moitas repítense e copia frecuentemente o texto base.
Cohesión e organización (20%)	As ideas e a sintaxe preséntanse en orde lóxica. Emprega a estrutura propia do tipo de texto, utilizando os parágrafos de forma correcta. Utiliza correctamente os signos de puntuación e marcadores discursivos variados e apropiados.	As ideas e a sintaxe seguen unha orde coherente. Emprega, en xeral, a estrutura propia do texto, diferenciando os parágrafos. Ten poucos erros de puntuación e utiliza marcadores discursivos bastante variados e apropiados	As ideas non seguen sempre unha orde lóxica. Falla na estrutura propia do texto Ten erros na estrutura das oracións e na puntuación. Emprega poucos marcadores discursivos .	As ideas non se presentan en orde lóxica. Non segue a estrutura propia do texto Frecuentes oracións incompletas Moitos erros de puntuación. Non se utilizan marcadores discursivos.
Gramática e Ortografía (30%)	Non ten erros ortográficos nin gramaticais.	Ten moi poucos erros ortográficos ou gramaticais	Presenta bastantes erros ortográficos e gramaticais	Ten moitos erros ortográficos e gramaticais
Vocabulario (10%)	Usa adecuadamente o vocabulario estudado en clase, incorporando novas palabras e facendo uso de sinónimos, evitando así as repeticións.	Usa vocabulario apropiado e inclúe algunhas palabras novas	Usa un vocabulario moi básico, pouco preciso, e non inclúe palabras novas. Os termos repítense ás veces, facendo monótona a narración	Usa un vocabulario moi pobre, pouco preciso, e non aporta novas palabras. Repete termos constantemente
Presentación (10%)	Cumpre cos requisitos básicos: marxes, caligrafía lexible, limpeza... A presentación é moi orixinal e creativa. Completa a extensión permitida	Cumpre coa maioría dos requisitos básicos (-1): marxes, caligrafía lexible, limpeza... A presentación é creativa A extensión é aproximada ou pouco excesiva á permitida	Non cumpre con todos os requisitos básicos: marxes, caligrafía lexible, limpeza... A extensión é escasa ou excesiva	Non cumpre con ningún ou case ningún dos requisitos básicos: marxes, caligrafía lexible, limpeza... A extensión é moi escasa

2.3.2. PARA A COMPETENCIA APRENDER A APRENDER

RÚBRICA DA COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER LGL- R1E- CAA- 1				
Nivel de consecución/ Aspectos	0	1	2	3
Consulta e selección da información	Utiliza fontes de información en diversos soportes, pero non realiza selección ningunha. Limitase a copiar literalmente.	Utiliza fontes de información en diversos soportes e realiza unha selección de información útil, pero non segue unha orde preestablecer estrita e non traballa a información con rigor crítico.	Utiliza fontes de información tanto en soporte escrito como dixital ou audiovisual, e é capaz de facer unha selección de información útil, cunha orde preestablecer estrita pero sen rigor crítico.	Utiliza fontes de información tanto en soporte escrito como dixital ou audiovisual, selecciona a información útil, con rigor crítico e unha orde preestablecer de acordo coa tarefa a realizar.
Identificación das demandas de aprendizaxe e a súa proxección nun discurso lóxico e ben estruturado	Non identifica as demandas de aprendizaxe dunha tarefa e non é capaz de elaborar disertacións cunha estrutura clara e argumentada.	Identifica as principais demandas de aprendizaxe dunha tarefa e elabora disertacións estruturadas e argumentadas suficientemente e inclúe algunha opinión persoal.	Identifica as demandas de aprendizaxe dunha tarefa e elabora disertacións estruturadas e argumentadas, pero non analiza as repercusións do tema, aínda que adoita achegar opinións persoais e establece algún tipo de relacións.	Identifica as demandas de aprendizaxe dunha tarefa e analiza as repercusións do tema, elaborando disertacións ben estruturadas e argumentadas, achegando opinións persoais.
Planificación e organización de actividades e tempos de realización	Non planifica nin organiza as súas actividades polo que non axusta, en absoluto, o tempo de realización de cada unha delas.	Planifica e organiza unha actividade, pospoñendo o resto, polo que só ocasionalmente é capaz de axustar o tempo de realización ao prazo previsto.	É capaz de planificar a realización de actividades, pero non axusta axeitadamente o tempo de realización destas.	É capaz de planificar a realización de actividades a curto, medio e longo prazo.
Responsabilidade no proceso de aprendizaxe e autoavaliación	Non se considera responsable da súa aprendizaxe polo que se limita a realizar tarefas que non lle supoñen esforzo e que non necesitan unha xestión planificada do tempo.	Parcialmente considérase responsable da súa aprendizaxe, pero non é capaz nin de xestionar o seu esforzo nin os tempos, polo que se limita a realizar as tarefas urxentes.	Comprométese co seu proceso de aprendizaxe, priorizando as tarefas máis complexas ou importantes, pero non administra axeitadamente a xestión do tempo e non é capaz de modificar a súa planificación se fose necesario.	Comprométese co seu proceso de aprendizaxe, priorizando as tarefas que considera máis complexas e é capaz de modificar a súa xestión do tempo para mellorar o seu rendemento.

2.3.3. PARA A COMPETENCIA DO TRABALLO EN GRUPO

RÚBRICA DA DESTREZA DO TRABALLO EN GRUPO LGL- R1E- CSC- TG-1				
Nivel de consecución/ Aspectos	0	1	2	3
ORGANIZACIÓN DO TRABALLO EN GRUPO	Non realiza o traballo asignado, nin apoia ningún tipo de iniciativa. A súa achega ao grupo é nula.	Asume o traballo a realizar no grupo e límitase a unha colaboración polo que non é membro que rendibilice o grupo	Comprende e asume a parte encomendada do traballo en grupo. Adoita escoitar e compartir o esforzo doutros. Colabora e non causa problemas no grupo.	É capaz de xestionar a división do traballo entre os membros do grupo. Escoita, comparte e apoia o esforzo doutros. Trata de manter o grupo cohesionado.
ACHEGA DE IDEAS E PROPOSTA DE INICIATIVAS	Non achega ideas plausibles cando traballa no grupo ou debate na clase, mesmo interfere de forma negativa nas propostas doutros.	Só ocasionalmente achega ideas innovadoras útiles, cando hai postas en común no grupo ou debate na clase.	Non propón iniciativas pero si achega ideas útiles cando participa no grupo e no debate en clase. É un membro relevante do grupo.	Ten a iniciativa nos enfoques posibles dun tema e achega ideas e suxestións útiles cando se debate no grupo ou en clase. Eríxese na figura do líder que contribúe con esforzo á versatilidade do traballo realizado.
ADECUACIÓN AO TEMPO PLANIFICADO/ PROGRAMADO	Só ocasionalmente axusta o tempo de realización do traballo á data sinalada, polo que é necesario pospoñer a data límite de conclusión do traballo.	Tende a demorarse na realización do traballo, pero sempre ten a súa parte concluída para a data límite sinalada, polo que é necesario axustar tempos ao grupo.	Utiliza ben o tempo proposto para a realización do traballo, aínda que pode demorarse nalgún aspecto. Pero non é preciso achegar a data sinalada para a conclusión do traballo de grupo.	Xestiona e coordina ben o tempo durante todo o proceso de traballo para axudar a que estea finalizado na data proposta.
MEDIACIÓN NA RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS	En situación de conflito, nin escoita nin propón alternativas de consenso e cústalle aceptar calquera idea ou suxestión para a solución do conflito.	En situacións de conflito inhíbese. Non propón alternativas para o consenso pero non polemiza e acepta ideas ou suxestións para a solución do conflito.	En situacións de desacordo ou conflito escoita opinións e suxestións doutros e acéptaa pero non sempre é capaz de propoñer alternativas plausibles para a solución do conflito.	En situacións de fricción ou desacordo sempre escoita outras opinións e acepta suxestións. Propón alternativas válidas para o consenso e a solución do conflito.

3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA CADA CURSO

O propio currículo inclúe para cada estándar de aprendizaxe o obxectivo da etapa co que está relacionado.

4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE POR NIVEIS

- a) Temporalización
O profesorado do Departamento integra na súa práctica docente unha gran diversidade de recursos e materiais para o traballo na aula, que lle permite ao alumnado afrontar a aprendizaxe desde diversas fontes, soportes e tipoloxías de materiais de base. A materia de Lingua Galega e Literatura servírase dos materiais dixitais de Edixgal en toda a etapa obrigatoria (de 1º a 4º da ESO). Ao mesmo tempo, aproveitando o fondo de libros existentes no centro de cursos anteriores, o profesorado contará na aula cos libros impresos de Lingua

Galega e Literatura de Edicións Xerais de Galicia, coa finalidade de traballar a lectura e actividades propostas tamén en formato en papel. Esta utilización de recursos físicos e dixitais para a busca de información, lectura comprensiva etc. é unha tarefa fundamental para axeitar a familiarización do alumnado coa diversidade de fontes e soportes que caracterizan o noso tempo. En 2º de Bacharelato traballábase cos libros impresos de Edicións Xerais de Galicia, en continuidade cos cursos anteriores, ademais do material achegado polo profesorado á Aula virtual, que é o tempo espazo de recursos e de relación virtual co alumnado desta etapa.

Desde as plataformas dixitais (Edixgal na ESO e Aula Virtual en Bacharelato), achegáronse recursos variados como ferramentas para o traballo gramatical e da semántica (dicionarios, correctores gramaticais, conxugadores verbais etc.), actividades de cursos virtuais (Cotovía, Remexer, Aulas de lingua etc.), recursos culturais (vídeos de YouTube, audiovisuais CRTVG etc) e xornais dixitais (GCiencia, Nós Diario etc.)

A biblioteca como centro de recursos para o acceso á información ofrece múltiples recursos para a aprendizaxe. No caso do noso centro, a biblioteca incorpora, ademais, a Radio da Biblio (Radio Cabanillas), que constitúe un recurso valioso para a práctica da oralidade, individual e en grupo.

7. CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

AVALIACIÓNS TRIMESTRAIS e ORDINARIA

Debemos recordar que as materias lingüísticas deben entenderse como avaliación sumativa, procesual e continua, tendo en conta que isto implica o traballo diario e constante, e en ningún caso o resultado dunha única proba, agás no caso das convocatorias extraordinarias de Bacharelato. Malia iso, dado que en cada trimestre existe unha distribución de contidos de diversa índole (literarios, sociolingüísticos etc.) específicos, para a superación da materia na convocatoria ordinaria de xuño aplicarase o cálculo da media ponderada outorgándolle un valor dun **25% á 1ª avaliación, un 35% á segunda e un 40% á terceira.**

Para obter unha avaliación trimestral positiva, o alumnado deberá obter un mínimo de 5 puntos, nunha cualificación numérica de 0 a 10. Aplicarase o criterio do redondeo da seguinte maneira: se o primeiro decimal é igual ou inferior a 6, a nota redondéase á baixa: un 5´60

quedarán en 5. Pola contra, se ese primeiro decimal é igual ou superior a 7, a nota redondéase á alza: un 5´70 será un 6; un 7´90 será un 8. Este criterio de redondeo será aplicado tanto nas notas finais das avaliacións ordinarias como nas probas extraordinarias. Para o cálculo da media ponderada das avaliacións tomaranse as notas sen este redondeo, que só se aplicará sobre o resultado da operación. No caso de 2º e 4º da ESO o profesorado facilitará a realización dunha proba de recuperación do trimestre suspenso ao comezo do seguinte trimestre, co fin de facilitar a superación progresiva dos contidos, estándares e competencias traballados. Para o alumnado de 2º de Bacharelato que deba superar contidos dun trimestre do curso, facilitarase unha proba parcial de recuperación en maio.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

2º ESO

⇒ **Observación sistemática do traballo individual e grupal: 10%**

Cada trimestre o/a alumno/a será avaliado/a polo seu labor cotián na aula. O alumnado debe saber estar na aula e abordar as actividades e tarefas cunha actitude construtiva cara ao traballo e cara aos compañeiros/as. Nas aulas débese utilizar sempre a lingua galega en calquera das súas comunicacións orais e escritas. Este apartado avaliarase a través de diferentes instrumentos, principalmente mediante a observación directa, segundo o criterio do profesorado da materia, e tendo en conta:

- Participación adecuada na aula
- Realización de tarefas de aula e das encomendadas fóra da aula, de xeito adecuado
- Realización de tarefas cooperativas
- Claridade, organización e corrección do caderno do alumnado
- Entrega de tarefas voluntarias

Farase unha observación sistemática das actividades realizadas a diario na aula e na casa, sexan orais ou escritas, individuais ou en grupo. En calquera momento do curso o profesorado poderá solicitar ao alumnado o caderno da materia; nel as tarefas teñen que estar datadas e coa sinalización da páxina e número de exercicio correspondente. O profesor/a tomará nota das tarefas e deberes realizados

polo alumnado ao longo da avaliación. Cada tarefa non realizada ou entregada fóra de prazo poderá restar ata 0'25 puntos da nota nesta epígrafe, entendéndose que ao atinxir os tres, debe darse un *ultimato* por abandono dos deberes fixados e, por tanto, exporse a unha falta leve (así indicado nas *NOF*). Ademais, o alumnado que, polo motivo que for, teña unha falta leve ou grave, poderá perder toda a puntuación neste apartado da avaliación en particular.

⇒ **Libros de lectura e traballos: 25%**

LECTURAS:

Cada trimestre, o alumnado realizará, alomenos, unha lectura literaria escollida dunha listaxe dada. Cada unha desas lecturas será avaliada a través dos instrumentos que o profesorado crea conveniente para o nivel ou situación determinados, sexa unha proba ou un traballo escrito ou oral. A valoración da lectura suporá un 15% da nota trimestral.

O alumnado deberá ler, cando menos, obrigatoriamente, as lecturas indicadas polo profesorado para poder superar cada trimestre (as lecturas obrigatorias e recomendadas acordadas para cada nivel recolleranse nas actas de departamento).

TRABALLOS:

En cada un dos trimestres o alumnado terá que realizar, segundo criterio do profesorado, traballos de investigación ou de creación, en formatos diversos, guiados ou libres, relacionados co temario do curso, para o cal poderán servirse das TIC. Estes traballos serán avaliados a través das ferramentas axeitadas, que o profesor/a explicará con detalle. Estes traballos suporán o 10% da nota.

A presentación destes traballos é obrigatoria para poder superar a materia.

⇒ **Probas (escritas e/ou orais): 50%**

En cada avaliación o alumnado realizará, cando menos, unha proba escrita e/ou oral para avaliar os estándares de aprendizaxe concretos. En cada proba especificarase por escrito no enunciado o valor numérico que se lle outorga a cada pregunta. O exame será mostrado ao alumnado convenientemente corrixido e anotado e farase a corrección na clase, coas aclaracións que cumpran.

⇒ **Actividades planificadas de oralidade: 15%**

O alumnado realizará unha serie de actividades preparadas para a práctica da oralidade, de acordo coas instrucións do profesorado. A realización destas actividades orais é imprescindible para superar a materia.

4º ESO

⇒ Libros de lectura e traballos:25%

LECTURAS:

Cada trimestre, o alumnado realizará, alomenos, unha lectura literaria escollida dunha listaxe dada. Cada unha desas lecturas será avaliada a través dos instrumentos que o profesorado crea conveniente para o nivel ou situación determinados, sexa unha proba ou un traballo escrito ou oral. A valoración da lectura suporá un 10% da nota trimestral.

O alumnado deberá ler, cando menos, obrigatoriamente, as lecturas indicadas polo profesorado para poder superar cada trimestre (as lecturas obrigatorias e recomendadas acordadas para cada nivel recolleranse nas actas de departamento).

PROXECTOS:

En cada un dos trimestres o alumnado terá que realizar proxectos de investigación ou de creación, en formatos diversos, guiados ou libres, relacionados co temario do curso, para o cal poderán servirse das TIC. Estes traballos serán avaliados a través das ferramentas axeitadas, que o profesor/a explicará con detalle. Faráselle seguimento aos retos e tarefas que puntualmente se teñan que realizar fóra da aula. Estes proxectos suporán o 15% da nota.

⇒ Probas (escritas e/ou orais): 60%

En cada avaliación o alumnado realizará, cando menos, unha proba escrita para avaliar os estándares de aprendizaxe concretos. En cada proba especificarase por escrito no enunciado o valor numérico que se lle outorga a cada pregunta. O exame será mostrado ao alumnado convenientemente corrixido e anotado e farase a corrección na clase, coas aclaracións que cumbran.

⇒ **Actividades planificadas de oralidade: 15%**

O alumnado realizará unha serie de actividades preparadas para a práctica da oralidade, de acordo coas instrucións do profesorado. A realización destas actividades orais é imprescindible para superar a materia.

2º BACHARELATO

⇒ **Probas (escritas e/ou orais): 75%**

En cada avaliación o alumnado realizará, cando menos, unha proba escrita para avaliar os estándares de aprendizaxe concretos. En cada proba especificarase por escrito no enunciado o valor numérico que se lle outorga a cada pregunta. O exame será mostrado ao alumnado convenientemente corrixido e anotado e farase a corrección na clase, coas aclaracións que cumbran.

Considerando a preparación do alumnado para o acceso á universidade a través da probas ABAU, adaptaranse as probas escritas aos criterios xerais e á estrutura das mesmas, tendo en conta os contidos traballados na aula.

⇒ **Libros de lectura e oralidade: 10%**

Cada trimestre, o alumnado realizará, alomenos, unha lectura literaria escollida dunha listaxe dada vinculada ao currículo do trimestre. Cada unha desas lecturas será avaliada a través dos instrumentos que o profesorado crea conveniente, priorizando formatos de son ou audiovisuais para traballar a oralidade. A valoración da lectura suporá un 10% da nota trimestral.

O alumnado deberá ler, cando menos, obrigatoriamente, as lecturas indicadas polo profesorado para poder superar cada trimestre (as lecturas obrigatorias e recomendadas acordadas para cada nivel recolleranse nas actas de departamento).

⇒ **Comentarios: 10%**

Dada a relevancia da comprensión e produción de textos nos obxectivos do nivel, procurarase a práctica de comentarios e análise de textos, que o profesorado devolverá axeitadamente revisados e anotados, e que serán tidos en conta na avaliación trimestral como un 10% da nota.

⇒ **Deberes e tarefas de aula: 5%**

Farase unha observación e avaliación sistemática das tarefas encomendadas ao alumnado (esquemas, exercicios etc.). O axeitado cumprimento destas tarefas será valorado ata un 5% da nota do trimestre..

PAUTAS PARA TODOS OS NIVEIS

Probas. Se un alumno non se presenta a un exame parcial, só terá dereito á repetición achegando un xustificante oficial por escrito que xustifique esa ausencia. A duración da proba escrita será dunha sesión lectiva, ampliable se o/a profesor/a o considerase necesario. Ademais dos contidos, en todas as probas e traballos, valorarase a adecuación (presentación correcta e rexistro apropiado), cohesión (uso axeitado da puntuación e enlaces), corrección gramatical (ortografía) e variación (riqueza e precisión do léxico). Para poder facer media, é imprescindible obter un mínimo dun 5 nas probas.

A superación das probas e traballos deberá facerse de forma lícita. Polo tanto, o feito de copiar nun exame, facer uso do teléfono móbil ou de auriculares, apuntamentos reducidos para copiar etc. suporá a retirada do exame e a obtención dun cero na cualificación do exame, sen dereito á repetición; o feito de plaxiar parcial ou totalmente textos alleos para a realización de traballos de investigación suporá a anulación do mesmo e a perda da propia puntuación do traballo.

Entrega de traballos. A entrega dos traballos principais é obrigatoria para poder superar a materia. O profesorado daralle ao alumando esta información con claridade na aula e nas plataformas virtuais de aprendizaxe (Edixgal na ESO e Aula virtual en Bacharelato).

Práctica da oralidade. En todos os niveis educativos o profesorado garantirá que, como mínimo, un 30% das actividades e das ferramentas de avaliación teñan en conta a expresión oral, co fin de garantir que se cumpran os obxectivos vinculados co desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística oral. En 2º de Bacharelato, poderase reducir a un mínimo dun 15%. O uso do galego por parte do alumnado como práctica lingüística na aula e nas probas é obrigatorio.

Información ao alumnado. O profesorado informará o alumnado ao comezo do trimestre da concreción dos criterios de avaliación da materia. Esta información debe ofrecerse con claridade na clase oralmente e tamén a través da aula virtual ou Edixgal.

AVALIACIÓN FINAL DE 2º E 4º ESO; E ORDINARIA E EXTRAORDINARIA DE 2ª BACHARELATO

Nos niveis da ESO, ao longo do curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación trimestral, sendo a 3º coincidente coa final. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias pendentes do alumnado.

O profesorado dará conta, ao termo do curso e de acordo cos criterios de avaliación establecidos nesta programación, de se a alumna ou o alumno logrou os obxectivos e alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes.

No caso do alumnado de 2º e 4º da ESO que, ao longo do curso, non superase a materia ou parte dela nas probas trimestrais, facilitaráselle a recuperación parcial da mesma, mediante tarefas e/ou probas, antes da data establecida polo centro para a realización da última avaliación (que inclúe 3º e final) e que terá lugar a partir do 22 de xuño. Polo tanto, no caso de que o alumno/a non superase axeitadamente a materia no 1º, 2º ou 3º trimestre contará coa posibilidade de superala previamente a esa data de avaliación. Na planificación da aula, o traballo de apoio e recuperación serán prioritarias nesa parte final do 3º trimestre, ata o 21 de xuño (fin das clases). O profesorado informará con claridade e suficiente antelación dos criterios de avaliación das probas e actividades de recuperación propostas. Nas probas e/ou exercicios de recuperación o alumnado deberá obter un mínimo de 5 puntos (de 0 a 10) para considerar superada a materia.

No caso de 2º de Bacharelato, o alumnado terá tamén a opción de recuperar as partes da materia suspensa previamente á data de 3º avaliación coincidente coa ordinaria. No período abranguido desde a realización da avaliación ordinaria ata as datas de celebración das probas extraordinarias, impartiranse clases dirixidas a preparar o alumnado para a realización da avaliación de acceso á universidade e das probas extraordinarias. O alumnado que non superase a materia na avaliación ordinaria deberá obter un mínimo dun 5 na proba correspondente extraordinaria, que representará o 100% da nota da materia e que terá características semellantes ao modelo ABAU empregado ao longo do curso.

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Temporalización dos estándares de aprendizaxe concretada con anterioridade (Vid. pto.4)

9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Aquelas/es alumnas/os que promocionaron ao curso seguinte mais non aprobaron Lingua Galega e Literatura serán obxecto, ao longo do curso, dun seguimento levado a cabo polo profesor ou profesora do Departamento que imparta clase no grupo ao que pertence. Para iso, este Departamento fixa as seguintes pautas de actuación:

9.1 Información ao alumnado:

O alumnado nesta situación será informado a comezo de curso de:

- quen vai ser o responsable da avaliación
- que contidos se van esixir
- que actividades concretas debe realizar e en que prazos
- se hai posibilidades de sesións de recuperación fóra do horario lectivo xeral
- cales son as datas previstas para a realización das probas, cando as fixe a Xefatura de Estudos

Tamén será consultado para captar as súas principais dificultades e poder, a partir de aí, adaptar as actividades.

9.2 Ferramentas/Actividades de avaliación:

Na ESO, este seguimento farase mediante traballos programados polo seu profesor ou profesora e mais mediante a realización dunha proba, deseñada tamén polo seu profesor/a da materia no curso actual. Entregaráselle ao alumnado con pendentes unha guía de traballo voluntario para realizar individualmente e de maneira persoal, e unha lista de temas con referencias aos aspectos teórico-prácticos máis importantes, a fin de que poida alcanzar os mínimos esixibles e superar a materia. Este traballo ou conxunto de exercicios deberá estar

enfocado a contribuír á preparación da proba (ex. esquemas dos contidos avaliábeis, exercicios gramaticais, redaccións, comentarios críticos etc.). O traballo, para ser cualificado, debe presentarse nos prazos marcados polo profesorado correspondente; o entregado fóra de prazo considerarase non presentado. O alumnado que non presente estas actividades poderá realizar a proba escrita cun valor do 100% da cualificación. A proba escrita realizarase nas datas fixadas pola Xefatura de Estudos (aproximadamente, finais de xaneiro, e finais de abril/primeiros de maio). En caso de copia ou uso de medios ilícitos tanto en exames como en traballos, o alumnado obterá un 0. Os obxectivos, así como os contidos mínimos esixibles, son os fixados na programación anual de curso. Con respecto aos criterios de avaliación, son os anunciados na programación anual de curso en relación cos estándares de aprendizaxe.

En 2º de Bacharelato, a xefa de departamento realizará a comezos de curso unha reunión informativa co alumnado, onde se lle entregará unha lista de temas con referencias aos aspectos teórico-prácticos máis importantes, a fin de que poidan alcanzar os mínimos esixibles e superar a materia. A proba escrita realizarase nas datas fixadas pola Xefatura de Estudos (mediados de xaneiro e mediados de abril).

9.3 Reforzos e actividades de recuperación de pendentos

Dada a improbabilidade da organización de clases de recuperación fóra do horario lectivo xeral, estudarase a posibilidade de realizar apoios nos recreos, en consenso co alumnado. De non ser posible, será o propio profesorado do curso quen informe e oriente sobre os resultados das actividades de recuperación.

9.4 Criterios de avaliación e cualificación

9.4.1 Os criterios de cualificación do alumnado de 2º e 4º ESO coa materia pendente serán os seguintes:

- a) o **traballo guiado** persoal do alumnado poderá supoñer ata un 40% no total da recuperación da materia,
- b) a **proba escrita**: farase sobre algunhas partes dos contidos e estándares básicos e consistirá en preguntas escritas en que se deberá mostrar non só o dominio dos contidos conceptuais, senón tamén das destrezas e procedementos propios da comunicación formal (claridade expositiva, orde lóxica, léxico adecuado, precisión, dominio dos sons e da ortografía da lingua

galega...). Esta proba suporá o 60% restante. No caso de que o alumnado non presente o traballo, a proba suporá o 100% do total da nota.

O alumnado que non cumpra cos prazos establecidos de recollida e entrega de materiais, que faga as actividades de maneira deficiente ou non se presente á proba ou que realice esta de xeito insuficiente, ficará sen a posibilidade de poder recuperar a materia a través do plan de traballo e deberá facelo na convocatoria das probas escritas fixadas pola Xefatura de Estudos. Así mesmo, o alumnado, se quixer, poderá presentarse unicamente á convocatoria do mes de abril, na que deben alcanzar un mínimo de 5 puntos, aplicándose, neste caso específico, os mesmos criterios xerais para o redondeo fixados na presente programación.

Ademais, a/o profesora/r que imparta a materia no curso no que estea a/o alumna/o pendente levará a cabo as funcións de observar/valorar as actitudes, estratexias de aprendizaxe e hábitos de traballo da alumna/o en relación con dito curso; e de aclararlle todo tipo de dúbidas.

9.4.2 Os criterios de cualificación do alumnado coa materia pendente en Bacharelato serán os seguintes:

Proba escrita: farase sobre os contidos mínimos do currículo do curso anterior e consistirá en preguntas escritas en que se deberá mostrar non só o dominio dos contidos conceptuais, senón tamén destrezas e procedementos propios da comunicación formal (claridade expositiva, orde lóxica, léxico adecuado, precisión, ortografía etc.).

O alumnado poderá presentarse ás dúas convocatorias fixadas pola Xefatura de Estudos. Debe alcanzar un mínimo de 5 puntos, aplicándose, neste caso específico, os mesmos criterios xerais para o redondeo fixados na presente programación.

Ademais, o/a profesor/a que imparta a materia no curso no que estea a/o alumna/o pendente levará a cabo as funcións de observar as estratexias de aprendizaxe, dificultades e hábitos de traballo da alumna/o en relación co curso; e de aclararlle todo tipo de dúbidas.

A avaliación extraordinaria de pendentes, que se realizará a finais de xuño, aplicaranse os mesmos criterios de avaliación que na materia corrente (detallada no punto 7).

11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

11.1 Avaliación inicial

A profesora ou profesor realizará en todas as materias unha avaliación inicial ao principio de curso deseñada para detectar as dificultades individuais e colectivas relacionadas coa materia. Ao mesmo tempo, informarase tamén sobre os datos persoais do alumnado, o seu currículo académico, as súas potencialidades, calidades, preferencias e afeccións para aproveitalas e poñelas en relación coa metodoloxía e ao servizo do éxito das actividades que se desenvolvan.

A avaliación inicial constará de varias partes que teñen en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave. Con este fin, desenvolveranse unha serie de actividades, como unha sesión de presentación oral dos integrantes do grupo-clase e a lectura en voz alta dalgún texto, que posteriormente servirá para traballar a comprensión e expresión escrita e outros aspectos.

Esta avaliación inicial deberá servir, entre outras cousas, para detectar cales das catro destrezas lingüísticas básicas (entender, falar, ler e escribir) son as máis deficitarias para o alumnado e darlles prioridade no desenvolvemento do currículo. Tamén servirá para diagnosticar posibles problemas individuais e deseñar as medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas e factibles dentro da organización docente do centro.

O guión para esta avaliación inicial poderá utilizar calquera dos instrumentos que seguen:

a) Cuestionario

b) Avaliación da competencia comunicativa (comprensión e expresión oral):

- Lectura en voz alta dun texto
- Explicación oral do entendido na lectura.
- Comentario/Opinión sobre algún tema

c) Avaliación da competencia comunicativa (comprensión e expresión escrita):

- Elaboración dun esquema da lectura.
- Resposta breves a un cuestionario sobre a lectura.
- Realización dunha descrición, texto argumentativo...

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Nunha sociedade diversa como a nosa (diferentes culturas, diferentes contextos formativos familiares...), a educación obrigatoria debe axudar á promoción persoal de todos e todas, polo que ten que compensar as distintas capacidades e circunstancias de aprendizaxe: a maneira e o ritmo en que se aprende varía segundo as características do alumno/a, e tamén os intereses e motivacións dos rapaces e rapazas, ás veces moi distantes.

Ademais, características presentes entre o alumnado (escasa motivación ao desvalorizar os labores e obxectivos intelectuais, falta de hábitos de estudo e lectura, escasa responsabilidade persoal, carencias particulares en valores de solidariedade...) crean necesidades educativas que non se poden pasar por alto ou relegar. De non atendermos estas situacións, aumentamos a conflitividade do centro, e así se comproba cando os medios para tal atención son insuficientes.

Segundo o Decreto 86/2015 debemos incluír dentro desta denominación aqueles alumnos e alumnas que:

- presenten dificultades específicas de aprendizaxe.
- teñan trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH).
- teñan altas capacidades intelectuais.
- se visen obrigados/as a incorporarse tardiamente ao noso sistema educativo.
- posúan condicións persoais ou de historia escolar que así o recomenden.

Nas avaliacións iniciais de 2º e 4º da ESO determinaranse as necesidades detectadas e acordarase co Departamento de Orientación a aplicación de medidas de reforzo e de atención individualizada, que procurarán en todos os casos a maior inclusión na aula, a non discriminación e o traballo para unha igualdade efectiva. Para favorecer o cumprimento destes principios ofrécense actividades de aprendizaxe que responden a tipoloxías e agrupamentos variados e gradadas en dificultade, ademais de:

- Exercicios complementarios de lingua que inciden nas habituais carencias que presenta o alumnado nesta etapa educativa e que axudan a reforzar os coñecementos xa adquiridos en cursos anteriores: acentuación, léxico, morfoloxía e semántica para que o alumnado puntúe correctamente os exercicios, atope erros léxicos e semánticos; busque significados no dicionario...

- Lecturas de textos guiados mediante unha serie de preguntas que incidan nos aspectos e características máis relevantes da teoría literaria (comprensión lectora).
- Particularizacións da atención por parte do docente.
- Variación na composición dos grupos de traballo para conseguir axuda de compañeiros cos que empatizan máis; en traballos individuais suxeriráselles que traballen acompañados.
- Modificación de actividades en canto á súa complexidade.
- Actividades de reforzo, recuperación ou ampliación que poidan realizar individualmente, procurando tamén recursos audiovisuais e dixitais.

13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS PARA TRABALLAR NA AULA

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional. Aplicación do plan lector do centro e actividades da Biblioteca.
- O desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal, por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual, ou social.
- Desenvolvemento dunha conciencia condenatoria da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, por ideoloxía, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do período franquista e do Holocausto xudeu como feitos históricos.
- Medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo cooperativo, a confianza en un/unha mesmo/a e o sentido crítico.

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS PARA CADA CURSO

As actividades complementarias constitúen sesións de aprendizaxe esenciais para a motivación para a aprendizaxe. Desde o Departamento deseñaranse ao longo do curso actividades de diversa índole, segundo as posibilidades do centro e das circunstancias derivadas da COVID, que permitan que o alumnado desenvolva experiencias complementarias de interese. O profesorado comunicará estas propostas ao Departamento e á Vicedirección con antelación suficiente, co fin de favorecer a mellor coordinación posible. Estas programacións recolleranse nas actas das reunións do Departamento.

15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS E EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

A avaliación da programación didáctica é un dos aspectos fundamentais do traballo docente, xa que permite determinar con exactitude os puntos fracos e as fortalezas do traballo desenvolto ao longo de todo un curso académico.

A adecuada posta en marcha de mecanismos de avaliación da programación propiciarán unha notable mellora do traballo nas aulas. Porén, debemos ter en conta que materiais, metodoloxías, recursos, actividades etc. que funcionan durante un curso poden non facelo no seguinte, posto que o factor humano do alumnado e a súa diversidade xoga un papel determinante no noso traballo diario. Para tratar de paliar no mínimo estes inconvenientes debemos contar cun bo repertorio de materiais flexibles e apoiarnos en metodoloxías que permitan as adaptacións curriculares que sexan precisas.

Á hora de avaliarmos o cumprimento da programación debemos considerar unha serie de indicadores de logro que teñan en conta como mínimo os seguintes elementos: obxectivos, contidos, consecución dos estándares de aprendizaxe, contribución aos obxectivos xerais da etapa, contribución ao desenvolvemento das competencias clave, procedementos e instrumentos de avaliación, factores que favoreceron o cumprimento da programación/causas de non cumprimento, reflexión sobre as posibles situacións imprevistas acontecidas ao longo do curso e propostas de mellora.

Proposta de avaliación da programación didáctica

Docente:

Curso e grupo:

	Puntos fortes da programación	Puntos fracos da programación	Aspectos a manter no próximo curso	Aspectos a mellorar no próximo curso
Cumprimento dos obxectivos xerais da programación				
Desenvolvemento das unidades didácticas				
Desenvolvemento das actividades programadas				
Funcionamento das metodoloxías aplicadas				
Utilización de recursos e materiais didácticos				
Consecución dos estándares de aprendizaxe				
Funcionamento dos procedementos de avaliación				
Pertinencia dos instrumentos de avaliación				
Eficacia das medidas de recuperación				
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave				
Contribución ao desenvolvemento dos obxectivos xerais de etapa				
Dinámica do grupo				
Participación en actividades extraescolares e complementarias				
Medidas de atención á diversidade				
Favorecemento da multidisciplinarietàade				

Favorecemento do tratamento integrado de linguas				
Factores que favoreceron o cumprimento da programación				
Causas de non cumprimento da programación				

16. ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 DURANTE O CURSO 2022-2023

Para este curso académico, coa maioría da comunidade escolar vacinada, espérase que as circunstancias permitan manter o ensino presencial coas medidas dos protocolos COVID adoptados nos centros de acordo coas instrucións da Administración. O establecemento da plataforma Edixgal en 2º e 4º da ESO e da aula virtual en 2º de Bacharelato como ferramentas sistematizadas de aula e de relación do alumnado garanten as posibilidades de aplicación inmediata dun ensino non presencial.

ENSINO SEMIPRESENCIAL. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Ao inicio de curso explicaráselle detalladamente ao alumnado as pautas a seguir no caso dunha docencia semipresencial (e non presencial), en base ao establecido nesta programación. Todo o alumnado será matriculado na aula virtual ou Edixgal, onde se reflectirá toda a información para o seguimento da materia se fose necesario.

As sesións presenciais centraranse fundamentalmente na explicación dos contidos conceptuais máis importantes e de maior dificultade de comprensión para o alumnado e na resolución de dúbidas de interese xeral, así como na realización das probas escritas de avaliación.

En relación co exposto no parágrafo anterior, facilitaráselle material ao alumnado para que revise con antelación os contidos que se van abordar na clase presencial, de tal xeito que o profesor poida centrarse na explicación daqueles máis importantes e os estudantes poidan expor todas as súas dúbidas.

Prestarase especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que teña dificultades derivadas da fenda dixital.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

As sesións telemáticas realizaranse a través da plataforma Webex. O contacto co alumnado, amais das videoconferencias, levarase a cabo, preferentemente, a través da aula virtual e correo electrónico.

Empregaranse, na medida do posible, os materiais e recursos didácticos da docencia presencial. Diseñaranse actividades educativas para que se poidan desenvolver tanto de forma presencial como non presencial.

Potenciarase o uso da aula virtual, onde se expoñerán os materiais que o profesorado considere necesarios e as tarefas que deberá realizar o alumnado. Todo o alumnado será matriculado no grupo e curso correspondente na aula virtual.

CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN

Entendendo que nas sesións presenciais se poidan levar a cabo as probas escritas, manteranse os procedementos, instrumentos e criterios de cualificación expostos na programación ordinaria. Na porcentaxe correspondente ao traballo diario incluíranse tarefas que se poidan facer e enviar de xeito telemático e que permitan determinar o nivel competencial do alumnado.

ENSINO NON PRESENCIAL

Ante unha posible situación de ensino non presencial, no Departamento de Lingua Galega e Literatura acordouse priorizar os estándares asociados á competencia en comunicación lingüística (CCL), a competencia aprender a aprender (CAA) e a competencia dixital (CD) por seren fundamentais na nosa materia e tendo en conta as posibilidades reais de traballo co alumnado.

A CCL inclúe unha serie de coñecementos (léxico, gramática, sociolingüística, discursivo ou sociocultural), de destrezas (lectura comprensiva, alfabetización múltiple) e actitudes (respecto aos dereitos humanos e ao pluralismo, curiosidade, interese e creatividade cara ao coñecemento, entre outros) que resultan beneficiosos para as alumnas e alumnos no proceso da súa formación integral.

A CAA, pola súa parte, integra o coñecemento que ten o/a estudante do que sabe e do que descoñece, do que é quen de aprendelo, do que lle interesa etc. Ao tempo axuda a establecer estratexias de planificación, supervisión e avaliación do propio traballo do alumnado acadando así maior seguraza e confianza.

A CD, nas circunstancias actuais, pasa a ser unha competencia fundamental canto a unha serie de destrezas e actitudes: acceso á información, procesamento, creación de contidos e seguraza e resolución de problemas en contextos formais, informais e non formais. É importante desenvolver no alumnado unha actitude activa, crítica e realista en relación ás novas tecnoloxías, nun contexto absolutamente novidoso para todas e todos. Por outro lado, reforzase o bo uso da tecnoloxía, a participación colectiva (videoaulas Webex), a motivación e curiosidade pola aprendizaxe e a mellora no uso das tecnoloxías, non só como complemento lúdico, senón tamén como unha ferramenta de utilidade no proceso de ensino-aprendizaxe.

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Como xa se comentou no caso a docencia semipresencial, todos os materiais e a información necesaria para o seguimento da materia serán expostos na aula virtual e Edixgal, onde está matriculado todo o alumnado de Bacharelato e ESO, respectivamente.

O contacto co alumnado poderase levar a cabo fundamentalmente a través de videoconferencias por Webex, tanto para explicación dos contidos teóricos, resolución de dúbidas, corrección de tarefas ou exposición de traballos.

Terase un contacto estreito cos titores de cada grupo, coa Xefatura de Estudos e coas familias para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado. A principios de curso farase un rexistro daqueles alumnos/as que non dispoñan dos recursos ou coñecementos informáticos necesarios para seguir unha docencia non presencial (ou mesmo semipresencial de ser o caso) e poranse en marcha todas as medidas que sexan necesarias para subsanar este problema en coordinación co Centro.

Para as probas de avaliación, o profesorado informará o alumnado con detalle dos procedementos que vaia empregar, que poden ser traballos dixitais, preguntas directas vía webex ou probas escritas vía telemática, a través de ferramentas corporativas da Consellería de Educación.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Manteranse os criterios establecidos para a docencia semipresencial.

CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Manteranse, na medida do posible, os procedementos, instrumentos e criterios de cualificación establecidos, facendo unha adaptación das actividades correspondentes ao traballo diario para que se poidan desenvolver de xeito telemático.

Os requisitos mínimos, adaptados ás circunstancias excepcionais de desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, son semellantes ás da presencialidade: entregas de tarefas realizadas conforme ás instrucións e prazos dados. É dicir, cumprimento dos procedementos e prazos establecidos polo profesorado, que deberá informar o alumnado con antelación e claridade.

Realizaranse actividades de comprensión e expresión escrita, actividades de comprensión e expresión oral, realización de resumos, exercicios de gramática, exercicios de léxico e semántica, cuestións sobre lingua e sociedade e traballos de literatura.

O Departamento reunirase de xeito frecuente para valorar se o alumnado é quen de seguir as clases telemáticas de xeito correcto e se está adquirindo axeitadamente os coñecementos teóricos e prácticos, así como as competencias clave a través das distintas actividades propostas. De non ser o caso, tomaranse medidas ao respecto, como por exemplo, dar un maior peso da cualificación final ao traballo diario.

COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS

A comunicación coas familias, no suposto dun período semipresencial ou non presencial, será fluída a través de chamadas telefónicas, abalar móbil e correo electrónico, co fin de asegurar a colaboración e compartición de información sobre o desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Cambados, 12 de setembro de 2022

Xefatura de Departamento de Lingua Galega e Literatura

IES Ramón Cabanillas

